



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

**ACTA Nº 2018/7**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALÓN DE PLENOS, MÉRCORES 14 DE NOVEMBRO DE 2018 -**

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

Manuel Fernández Munín

**ASISTEN:**

María del Carmen Botana Cebeiro  
Antonio González Barral  
Ana María Seijo Mosquera  
Jesús Sanjuás Mera  
Jesús José Santasmarinas Devesa  
Alejandro Bermúdez Devesa  
Xabier Canabal Fernández  
María del Carmen Soutullo Carolo  
Iván Eiris Castro

**AUSENTES:**

Ana Isabel Alonso Taboada

**SECRETARIA-INTERVENTORA:**

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Modificación do inventario de camiños municipais**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

### 3. Información da alcaldía

### 4. Rogos e Preguntas

#### DELIBERACIÓNS

**As deliberacións correspondentes ós puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión e publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

<https://www.boqueixon.com/2018/11/21/pleno-ordinario-14-11-2018/>

#### ACORDOS

##### 1. Aprobación da acta anterior

Cos votos a favor de tódolos presentes acórdase aprobar a acta da sesión do Pleno ordinario realizada o día 12 de setembro de 2018.

##### 2. Modificación do inventario de camiños municipais

Neste momento, cando son as 20.45 h., entra no salón de Plenos o concelleiro don Alejandro Bermúdez Devesa.

1- O pleno da corporación en sesión que tivo lugar o día 14/02/2017 acordou aprobar definitivamente o inventario de camiños municipais de acordo cos seguintes datos:

\*A rede de camiños do concello de Boqueixón, ten unha lonxitude total de 468,5 Km.

\*A rede de camiños municipais de primeira orde ( os que comunican parroquias aos núcleos de relevancia), conta cunha lonxitude total de 43.4 Km. A lonxitude total das vías de segunda orde,ascende a 44 Km. A lonxitude total das vías de terceira orde ascende a 88.4 Km. A lonxitude total das vías de cuarta orde ascende a 292 Km.

\*A lonxitude total de camiños asfaltados ou con rego ascende a día 27 xaneiro 2017, a 229,6 Km. A lonxitude de camiños en formigón ascende a 0,8 Km e a lonxitude de camiños enterra ou saburra ascende a 238 Km.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

2- Posteriormente, dona Susana María Silva Reboredo ( o 25/04/2018), don Luis Peón Cernadas e dona Maria José Beiroa Cebro (o 16/05/2018), don Javier Penas Esperante ( o 4/10/2018 ) e dona María del Carmen Casal Suárez ( o 29/10/2018), presentan escritos solicitando a retirada do inventario de camiños os existentes nas parcelas da súas respectivas propiedades.

3- Con data 24 de outubro de 2018, o técnico auxiliar de urbanismo informa:

1º.- Con relación á solicitude presentada por Susana María Silva Reboredo,

Comprobado o plano xeral da zona de concentración parcelaria de Oural-Pousada-Sucira-Bendaña( Boqueixón-Touro-A Coruña), con relación á situación da finca de reemprazo nº 940, NON EXISTE ningún trazado de camiño público sobre a dita finca.

Non consta no concello ningún expediente de expropiación referido ao dito camiño.

Polo que pódese determinar que o camiño identificado no inventario municipal de camiños públicos co nº 1367, trátase dun acceso privado da finca nº 940.. Procede retirar como camiño público, do inventario municipal de camiños do Concello, a TOTALIDADE do camiño identificado co nº 1367.

2º.- Con relación á solicitude presentada por José Luis Peón Cernadas e María José Beiroa Cebro,

Comprobado o plano xeral da zona de concentración parcelaria de Gastrar II ( Boqueixón- A Coruña), con relación á situación das fincas de reemprazo nº 370 e 369 NON EXISTE ningún trazado de camiño público entre as dúas fincas.

Non consta no Concello ningún expediente de expropiación referido ao dito camiño.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

Polo que pódese determinar que , PARTE do camiño identificado no inventario municipal de camiños públicos co nº 1150, trátase dun acceso privado da finca nº 369.

Procede retirar como camiño público do inventario municipal de camiños do Concello, PARCIALMENTE ( 70 x 3 m que transcorren entre as parcelas nº 370 e 369 ) parte do camiño identificado co nº 1150.

3º.- Con relación á solicitude presentada por Javier Penas Esperante,

Comprobado o plano xeral da zona de concentración parcelaria de Oural-Pousada-sucira-Bendaña ( Boqueixón-Touro-A Coruña ) con relación á situación da finca de reemprazo nº 886, NON EXISTE ningún trazado de camiño público sobra a dita finca.

No Concello non consta ningún expediente de expropiación referido ao dito camiño . polo que pódese determinar que o camiño identificado no inventario municipal de camiños públicos con nº 10884, trátase dun acceso privado da finca nº 886.

Procede retirar como camiño público , do inventario municipal de camiños, A TOTALIDADE do camiño identificado co co nº 10884.

4º.- Con relación á solicitude presentada por María del Carmen Casal Suárez,

Comprobado o plano xeral da zona de concentración parcelaria de Lamas-Vigo ( Boqueixón- A Coruña ) e o título de propiedade orixinal da dita parcela nº 244, determínase que NON EXISTE ningún trazado de camiño que cruce a finca de Leste a Oeste tal como se determina no plano xeral do catastro, no plan xeral ordenación municipal e no inventario de camiños públicos municipais ( cño 1128 ).

Non consta no concello ningún expediente de expropiación referido ao dito camiño. Polo que pódese determinar que parte do camiño identificado no inventario municipal co nº 1128, trátase dun acceso privativo da finca nº 244 que a cruza desde o linde Leste ao linde Oeste da mesma parcela.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

Procede retirar como camiño público, do inventario municipal de camiños, PARCIALMENTE (152 x 4 m que transcorren entre o linde Leste e o linde Oeste da parcela 244) de parte do camiño nº 1128 do inventario)

4- Tal como se establece no artigo 34 do Regulamento de bens das Entidades Locais, corresponde ao pleno da corporación municipal a aprobación do inventario así como a súa rectificación e comprobación.

Polo tanto, cos votos a favor de tódolos presentes, adóptase o seguinte acordo:

Primeiro.- Retirar do inventario municipal de camiños públicos, a TOTALIDADE do camiño identificado co nº 1367 e identificado no inventario da seguinte forma:

Nº de orde	Parroquia	Orde	Materia l	Ancho	Lonxitude m.	Valoración €.	Nº folla
1367	Pousada	3ª Orde	Rego	3	83,70	1619,50	101

Segundo.- Retirar do inventario municipal de camiños públicos, PARCIALMENTE (70x3 m que transcorren entre as parcelas nº 370 e 369) parte do camiño identificado co nº 1150 e identificado no inventario da seguinte forma:

Nº de orde	Parroquia	Orde	Materia l	Ancho	Lonxitude m.	Valoración €.	Nº folla
1150	Gastrar	3ª Orde	Rego	3	189,6	3668,70	48

O resto do camiño que permanece como público queda identificado no inventario da seguinte forma:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Nº de orde	Parroquia	Orde	Materia l	Ancho	Lonxitude m.	Valoración €.	Nº folla
1150	Gastrar	3ª Orde	Rego	3	119,60 (69,6+50)	2314,20	48

Terceiro.- Retirar do inventario municipal de camiños públicos, A TOTALIDADE do camiño identificado co nº 10884, identificado no inventario de seguinte forma:

Nº de orde	Parroquia	Orde	Materia l	Ancho	Lonxitude m.	Valoración €.	Nº folla
10884	Pousada	3ª Orde	Rego	3	83,70	1619,50	101

Cuarto.- Retirar do inventario municipal de camiños públicos, PARCIALMENTE (152x4 m que transcorren entre o linde Leste e o linde Oeste da parcela nº 244) de parte do camiño nº 1128, identificado no inventario da seguinte forma:

Nº de orde	Parroquia	Orde	Materia l	Ancho	Lonxitude m.	Valoración €.	Nº folla
1128	Lamas	3ª Orde	Rego	4	276,20	7127,20	38

O resto do camiño que permanece como público queda identificado no inventario da seguinte forma:



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

Nº de orde	Parroquia	Orde	Materia	Ancho	Lonxitude m.	Valoración €.	Nº folla
1128	Lamas	3ª Orde	Rego	4	126,20	3256,53	38

Quinto.- Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e na páxina Web municipal durante 30 días e consideralo definitivo no caso de que non se presenten reclamacións.

Sexto.- Comunicar este acordo ós propietarios lindeiros con cada camiño retirado do inventario

### 3. Información da alcaldía

Dase conta das resolucións ditadas pola alcaldía desde o día 8 de setembro ó 9 de novembro

### 4. Rogos e Preguntas

O Sr. Canabal Fernández fai rogos e preguntas sobre:

- as partidas de ingreso nas xeracións de crédito realizadas
- as multas de tráfico tramitadas polo concello
- o proceso selectivo dos traballadores de servizos
- o contrato de interinidade sen proceso selectivo

A Sra. Soutullo Carolo fai rogos e preguntas sobre:

- o local para o grupo municipal Veciños
- o acto de irmanamento co Concello de Quiroga
- a noticia publicada sobre o xeriátrico de Codeso
- as beirarrúas de Baiuca
- as xestións sobre a casa do maior

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

- o programa de conciliación familiar

O Sr. Eiris Castro fai rogos e preguntas sobre:

Rogos:

- limpeza de cunetas das pistas municipais
- Aglomerado pista de Pousada a Donas

Preguntas:

- temas tratados en xuntanza co arcebispado
- temas xuntanza presidente Deputación
- sobre a Ruta das Tapas
- dixitalización de actas
- sobre a contratación Premio Parabéns
- vertedoiro da Peneliña
- cesión de parcelas por parte da Xunta
- bonificacións para xente xove que veña a vivir ó concello
- despacho de lotería en Lestedo
- desperfectos accidente campo de fútbol de Lestedo
- Limpeza finca Pousada

Por último o sr. alcalde informa ós concelleiros da posibilidade de nomear fillo predilecto a título póstumo ó escritor nacido en Boqueixón, Anxo Rei Ballesteros, do que todos os membros da corporación presentes nesta sesión se mostran conformes, polo que se iniciarán os correspondentes trámites.

**As deliberacións e respostas están recollidas na acta multimedia gravada o día da realización do Pleno e que forma parte do expediente electrónico desta sesión.**

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





Forte s/n  
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

acta nº 2018/6  
Sesión Plenaria  
mércores 12 de setembro de 2018

Ás 21.46 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria-interventora, dou fe.

Boqueixón, mércores 21 de novembro de 2018

A secretaria-interventora, Elena Suárez Rodríguez

O alcalde, Manuel Fernández Munín